



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLE/2019/9	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «PLENO CONSTITUTIVO»
Data	15 de xuño de 2019
Duración	Desde as 12:05 ata as 12:35 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MARIANO ABALO COSTA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
71642234V	ANA BELÉN MARTÍN FERNÁNDEZ	SÍ
52490479V	FERNANDO SANTIAGO QUINTEIRO LÓPEZ	SÍ
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
77013449L	HUGO FANDIÑO ALBERTE	SÍ
78738961W	IRIA VILLAR RODAL	SÍ
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
53119072C	LAURA VERDE CURRA	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
78734468V	MARÍA TERESA VILLAR SUÁREZ	SÍ
44083047M	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	SÍ



Concello de Cangas

76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
53118594W	RAFAEL JIMÉNEZ FERNÁNDEZ	SÍ
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
78734398Q	ROSA MARY DE LA CAMPA PORTELA	SÍ
73241615R	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

En cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e para o efecto de levar a cabo a constitución do novo Concello de Cangas, despois de ver os resultados das eleccións do día 26 de maio de 2019, para a renovación da totalidade dos membros das corporacións locais, reúnen os/as Concelleiros/as enumerados asistidos polo secretario, que dá fe do acto, e polo interventor.

A) PARTE RESOLUTIVA

Formación da mesa de idade

Declarada aberta a sesión polo Sr. secretario, procédese a constituír a mesa de idade, integrada polos elixidos de maior a menor idade presentes no acto e da que é secretaria a da corporación, segundo o dispón o art. 195.2 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño. De conformidade co anterior a mesa queda integrada polos seguintes membros:

* D. Mariano Abalo Costa, concelleiro de maior idade que actúa como presidente, de conformidade coa aplicación analóxica do art. 19.2 da Lei 40/2015, de 2 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

D. Hugo Fandiño Alberte, concelleiro de menor idade.

D. Eleuterio Pena Lamas, secretario da corporación.

Comprobación credenciais

Concello de Cangas



Previa lectura polo secretario das disposicións aplicables, a mesa de idade procede á comprobación das credenciais presentadas polos/polas concelleiros/concelleiras.

Compróbase, a continuación, que todos/todas os/as concelleiros/concelleiras electos/electas formularon as declaracións referidas no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local, polo que tales declaracións pasan a formar parte do rexistro de intereses da corporación, que se custodia na secretaría do Concello.

Así mesmo, infórmase de que, tanto secretaría como intervención, puxeron a disposición dos/das concelleiros/concelleiras electos/electas a documentación referente aos xustificantes das existencias en metálico e valores propios da corporación depositados en entidades bancarias e tamén a documentación relativa ao inventario de bens da corporación.

Tendo en conta que se cumpre a esixencia do artigo 195.4 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral e do artigo 37.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e que concorre a esta sesión a maioría absoluta de concelleiros electos, procédese ao cumprimento do requisito legal previsto no artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, de prestar xuramento ou promesa.

Xuramento ou promesa e toma de posesión de concelleiros/concelleiras

Despois de que o secretario do concello lea o artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, referido á toma de posesión dos/das concelleiros/concelleiras electos/electas, procédese a nomealos/nomealas por orde alfabética para efectos de prestación do xuramento ou promesa.

O xuramento ou promesa realízase utilizando a fórmula prevista no Real decreto 707/1979, de 5 de abril, regulador da fórmula para a toma de posesión de cargos e funcións públicas.

Declaración de constitución da corporación

Xa que se deu cumprimento ao disposto no artigo 195 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, o presidente da mesa declara constituído o Concello de Cangas despois das eleccións municipais do día 26 de maio de 2019.

Elección e proclamación de alcalde

Procédese a continuación á votación secreta por parte dos/das concelleiros/concelleiras, que son chamados polo secretario e depositan o seu voto nunha urna preparada para tal efecto.



Concello de Cangas

Os integrantes da mesa de idade son os últimos en depositar os seus votos.

Despois de rematar a votación, realízase o escrutinio dos votos emitidos, que son lidos en voz alta polo presidente da mesa de idade, co seguinte resultado:

José Enrique Sotelo Villar; 7 votos.

Xosé Manuel Pazos Varela: 14 votos.

En consecuencia, sendo 21 o número de concelleiros e 11 a maioría absoluta legal, resulta electo Xosé Manuel Pazos Varela, manifestando o presidente de mesa de idade a súa proclamación.

Toma de posesión do alcalde

De conformidade co artigo 18 do texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e co artigo 40.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, Xosé Manuel Pazos Varela promete o seu cargo e pasa a ocupar a presidencia da sala, polo que se disolverá a mesa de idade. Por último, toma a palabra e dirixe unhas palabras ao público asistente.

Seguidamente, o alcalde - presidente, dá por rematada a sesión ás doce horas e trinta e cinco minutos de que eu, como secretario, dou fe.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850